

CinEOI Coruña Curtas 2014

O Equipo dinamización lingüística da Escola Oficial de Idiomas da Coruña convoca o **cuarto** festival **CinEOI Coruña Curtas** co obxectivo de promover a creatividade audiovisual en galego. O **tema** das curtametraxes será **libre**.

O Festival terá lugar os días **9 e 10 de abril de 2014**

BASES do CONCURSO:

1. Poderán participar todos os alumnos e alumnas matriculados durante o curso 2013-2014 na Escola Oficial de Idiomas da Coruña e de Santiago de Compostela e as súas seccións; Alumnado dos Conservatorios Profesionais de música da Coruña e Ferrol e o alumnado do IES Manuel Murguía de Arteixo e o I.E. Vicente Cañada Blanch de Londres. Tamén poden participar os estudantes de terceiro ciclo de primaria, ESO, bacharelato e FP dos centros públicos e concertados do Concello da Coruña
2. As obras presentaranse en formato dixital nun DVD por correo ou na conserxería da EOI da Coruña¹ indicando **CinEOI Coruña Curtas (ENDL)**. Con cada curtametraxe enviada a concurso deberá aparecer o nome da obra, o nome do autor/es, centro en que estuda, (curso, grupo e idioma, no caso do alumnado das Escolas de Idiomas), un enderezo email e a duración do traballo.
3. O vídeo poderá ser realizado con **calquera medio de gravación** (vídeo-cámara, cámara dixital, cámara de móbil, ipad, etc.)
4. Chega con que un dos autores ou compoñentes do equipo estea matriculado nun dos centros educativos do punto 1.
5. A duración máxima de cada traballo non superará os **10 minutos**.
6. As obras deberán ser **en lingua galega** e poderán incluír subtítulos nalgunha das linguas estudadas nas EOI.
7. Para optar ao premio para a mellor banda sonora, deberá constar o/s nome/s das pezas orixinais e dos compositores/as.
8. O/A participante na categoría de B.S.O. debe declarar mediante un modelo que se facilitará nos centros colaboradores e na páxina web do festival, que as pezas son orixinais e que cede os dereitos delas á dirección da curta, para a súa sincronización coas imáxenes. Os centros educativos, persoal organizador e xurado, non se fan responsables da veracidade da declaración e polo tanto das consecuencias legais que poida ocasionar este feito.
9. A data límite de recepción de curtas será o 28 de marzo de 2014
10. As curtas poderán ter sido producidas no ano 2013 (sempre que non se presentasen ao CinEOI Coruña Curtas).
11. A comisión de selección decidirá que traballos son admitidos.
12. Non se admiten obras que inciten ao racismo, á xenofobia, á violencia de xénero, á homofobia ou que atenten contra a dignidade da persoa.
13. As curtametraxes enviadas pasan a formar parte do arquivo deste concurso e os autores e autoras ceden gratuitamente os dereitos das obras para facer uso delas para ser exhibidas ou duplicadas sen fins comerciais ata finais deste ano co fin da promoción do concurso.
14. Calquera apropiación indebida de dereitos de autor ou autoría na curtametraxe é responsabilidade da persoa que a inscribiu.
15. O **xurado** estará composto por recoñecidos membros do sector audiovisual e cinematográfico.
16. Haberá **Premios substanciosos**, que serán publicados en breve
17. Haberá dúas categorías:
 1. **Categoría absoluta**, na que poderán participar todos os alumnos e alumnas matriculadas no curso 2013-2014 nas escolas oficiais de idiomas da Coruña e Santiago, nos Conservatorios Profesionais de Música da Coruña e Ferrol.
 2. **Categoría Xuvenil e Infantil**, na que poderán participar estudantes de terceiro ciclo de Primaria, ESO, Bacharelato e FP dos centros públicos e concertados do Concello da Coruña, no IES Manuel Murguía de Arteixo e no IE Vicente Cañada Blanch de Londres. Tamén o alumnado dos Conservatorios que sexa menor de idade no momento do concurso.

CinEOI Coruña Curtas

2014

¹ Escola Oficial de Idiomas. R/ Pepín Rivero, 1-15011 A Coruña / endl.corunha@gmail.com/ www.eoicoruna.org